

C.E.I.P. “Praia de Quenxe” Código 15003789
Rúa Maruja Mallo, nº 18 – 15130 Corcubión
Tel. :881880532 Fax: 881880534
E-mail: ceip.praia.quenxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaquenxe



CURSO 2024/2025 CEIP PRAIA DE QUENXE

Prazo de Solicitud de Admisión: 1 de Marzo – 20 de Marzo

Solicitudes no propio centro ou na páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaquenxe/

POR QUE ELIXIR O CEIP PRAIA DE QUENXE ?

➤ **POLO NOSO PROFESORADO.**

- ✓ Contamos con un **equipo de mestres/as estable** e vocacional. Todo o noso profesorado atópase con carácter definitivo no centro. Isto posibilita un seguimento e un coñecemento do alumnado óptimos.
- ✓ Somos un centro de educación infantil e primaria adscrito ao IES Fernando Blanco, co que mantemos unha estreita colaboración, o que nos permite poder garantirlle ao alumnado continuidade ao longo de todo o proceso educativo.
- ✓ Impartimos **inglés, música e educación física** desde os **3 anos**.
- ✓ **Auxiliar de conversa** nativa en Inglés
- ✓ Contamos cunha **sección bilingüe en Inglés**.
- ✓ Temos **departamento de orientación propio**.
- ✓ Contamos con especialista en **audición e linguaxe** e tamén con especialista en **pedagogía terapéutica**
- ✓ Somos un centro cardioprotexido (DESA) con **persoal formado en primeiros auxilios**.



➤ **POLOS NÓSOS SERVIZOS.**

- ✓ Servizo de madrugadores desde as 07:45h.
- ✓ **Xornada continuada** de 09:15h a 14:15h.
- ✓ Servizo de **comedor** escolar.
- ✓ Servizo de **transporte** escolar.
- ✓ Servizo de **biblioteca**.
- ✓ Actividades escolares no propio centro.



➤ **POLAS NOSAS INSTALACIÓNS.**

- ✓ Contamos coas mellores instalacións: aulas de informática, música, ximnasio, parque infantil, gran patio exterior cuberto, pavillón polideportivo anexo, ramplas de acceso adaptadas, etc.



➤ **POR MOITAS OUTRAS RAZÓNS....**

- ✓ Porque somos un colexio aberto que participa da realidade que o rodea: as institucións, as asociacións, o noso monte, o noso mar, as nosas tradicións. Con todos eles nos relacionamos a través de visitas, **actividades e xornadas educativas** que se organizan ao longo do curso.
- ✓ Porque **facemos partícipes ás familias** do noso traballo diario. As familias dos nosos nenos e nenas son un elemento esencial no proceso de aprendizaxe e con frecuencia participan activamente no mesmo aportando as súas experiencias e os seus coñecementos.

- ✓ Porque traballamos para formar persoas con capacidade de reflexión e pensamento crítico.

- ✓ Porque contamos co inestimable apoio do noso Concello.



- ✓ Porque contamos coa Anpa ALÉN, que traballa arreo e colabora co centro aportando iniciativas permanentemente.



- ✓ Porque no CEIP Praia de Quenxe consideramos que é prioritario poder aprender dentro dun clima de **respecto e tolerancia**.

- ✓ Porque, por enriba de todo, o noso colexio aspira a ser **un sitio ao que os nenos e nenas veñan alegres** todos os días, sabendo que van ir para as súas casas cada día sabendo un pouco máis e que aquí sempre van contar con mestres que tentarán dar resposta ás súas inquedanzas.

